

AS COMPETENCIAS CLAVE DOS NOVOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

Hoxe xoves, día 6 de maio de 2010, publícase no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 26 de abril de 2010, pola que se convocan as segundas probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.

- *As competencias clave que se convocan son as mesmas ca na 1ª convocatoria.*
- *A solicitude poderá presentarse dende o día seguinte ao da publicación desta resolución ata o 29 de maio (dende o 7 ata o 29 maio, ambos os dous incluídos).*
- *A diferenza da anterior convocatoria, as probas realizaranse no recinto feiral de Silleda os seguintes días:*
 - *Para as competencias de nivel 2: días 2 e 3 de xullo*
 - *Para as competencias de nivel 3: días 9 e 10 de xullo*

Se queredes información máis concreta tede en conta o establecido na Resolución do 17 de decembro de 2009 da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan as probas de avaliación en competencias clave (1ª convocatoria, DOG Nª4 do 8 de xaneiro de 2010) e o establecido na Orde do 26 de novembro de 2009 pola que se regulan as probas de avaliación en competencias clave para acceder aos cursos dos certificados de profesionalidade de nivel II e III (DOG Nª 244, do 16 de decembro de 2009).

E lembrade que estas competencias clave son imprescindibles para poder participar nos cursos de obtención dos certificados de profesionalidade II e III, se non posúides os requisitos mínimos que establece cada certificado de profesionalidade .